



## Fundación Biodiversidade Adaptación ao cambio climático 2018

Convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos en materia de adaptación ao cambio climático.

▪ **Información da convocatoria:**

<https://fundacion-biodiversidad.es/es/convocatorias/convocatorias-de-ayudas/convocatoria-de-concesion-de-ayudas-de-la-fundacion>

▪ **Resumo:**

- **Prazo Presentación Solicitudes:** 31 xaneiro de 2019, ás 14:00 (Hora Peninsular)
- **Duración:** Os proxectos deberán rematar antes do 30 de xuño de 2021 (prórrogas incluídas)
- **Porcentaxe de financiamento:** 70% total do presuposto para solicitantes do sector público (50 % para outros solicitantes).
- **Importe máximo financiamento:** O importe máximo que se pode conceder por cada solicitude de axuda non pode ser superior a 120.000 euros.
- **Nº de propostas admisibles por entidade:** 2

Perante a limitación no número máximo de propostas por entidade, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, a través da Área de Xestión e Valorización da I+D, precisa ter información detallada das posibles propostas nas que haxa participación da USC co fin de proceder, a unha axeitada selección da iniciativa a presentar pola USC. **Para tal fin, será necesario valorar as posibles propostas segundo criterios como:**

1. Experiencia previa en participación noutros proxectos no mesmo campo.
2. Número de grupos de investigación da USC participantes na mesma candidatura e orzamento da mesma.
3. Alcance dos obxectivos da proposta.
4. Relevancia das actuacións previstas para atinxir os obxectivos propostos.

A este efectos, e co fin de axilizar a selección da proposta a presentar pola USC, pregamos que aqueles investigadores que teñan previsto ou estean interesados en participar nesta convocatoria que remitan a súa idea de proxecto segundo o modelo de proposta dispoñible na ligazón seguinte **antes do 11 de xaneiro de 2019** ao seguinte enderezo: [investigacion.colaborativa@usc.es](mailto:investigacion.colaborativa@usc.es)

**Modelo de proposta interna:** [http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2403\\_gl.doc](http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2403_gl.doc)

Para calquera consulta adicional dirixirse a Eva Fabeiro, Laura Martínez ou M<sup>a</sup> Dolores Vega ([investigacion.colaborativa@usc.es](mailto:investigacion.colaborativa@usc.es))